

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 1 DE ABRIL DE 2015.**

### **Presidente:**

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.

### **Concelleiros:**

D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO.  
D<sup>a</sup>. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.  
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.  
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA.  
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.  
D<sup>a</sup>. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.  
D. MANUEL GÓMEZ ESTEVEZ.

### **Secretario Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.


### **Interventora:**

D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

## **1.- LICENZAS DE OBRA.**

**1.1.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA**, para acondicionamento de local para venda de equipamento para instalacións gandeiras en Avda. do Empalme, 52, baixo, Lalín, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 23/03/15 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 547,82 euros.

**1.2.-** Acordouse o desestimento do procedemento e o acollemento á Lei 9/13 do emprendemento e competitividade económica de Galicia, en virtude do disposto na súa Disposición Transitoria 1<sup>a</sup>; a validez da documentación achegada no expediente nº 7255/13 en virtude dos principios de eficacia e de conservación de actuacións do dereito administrativo, **CONCEDER LICENZA DE OBRA A ESTACIÓN DE SERVICIO**



Secretaría Xeral

CAMPOS, S.L., para a instalación dun equipo composto por depósito e surtidor de GLP para vehículos a motor na Estación de Servicio Campos, sita na Avda. de Buenos Aires, 93 – Lalín e aprobar a liquidación realizada pola Intervención municipal de data 07/11/14 por importe de 168,24 euros.

**1.3.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA**, para a construción dun galpón para almacén de apeiros de labranza na rúa 3, do lugar de Prado, da parroquia de Prado, de Lalín, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 02/03/15 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 114 euros.

**1.4.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA**, para acondicionamento de nave para centro de elaboración de iogures e postres lácteos artesanais en Bergazos, 36, Donsión, Lalín, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 23/03/15 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 3.843,60 euros.

**1.5.-** Acordouse **CONCEDER PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA**, para ampliación e melloras tecnolóxicas en industria cárnica no Polígono Industrial de Botos, nº 13, Lalín.

## **2.- LICENZA DE ACTIVIDADE.**

**2.1.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE ACTIVIDADE**, para instalación de explotación de vacún na parcela con referencia catastral rústica 36024A046001920000AK, sita no lugar de Meixomín, parroquia de Muimenta, Lalín.

## **3.- LICENZAS PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS.**

**3.1.-** Acordouse **outorgar licenza** para a celebración dunha festa popular os días 11 e 12 de abril de 2015 en Cercio, Lalín.

## **4.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRA.**

**4.1.-** Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS PRESENTADA POR UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.**, para a canalización subterránea de 49 metros na r/ 23 de Lalín, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 18/02/15 por importe de de 118,09 euros en concepto de



Secretaría Xeral  
ICIO.

**4.2.-** Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** para execución de obras de reparación no edificio O Marco, sito na rúa Areal, 69, Lalín, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal en concepto de ICIO de data 23/03/15 por importe de 708,12 euros.

#### **5.- COMUNICACIÓN PREVIA ACTIVIDADE.**

**5.1.-** Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE**, para oficina de uso administrativo na rúa Monte do Faro, nº 33, baixo, Lalín.

#### **6.- INFORME PREVIO.**

**6.1.-** Acordouse aprobar o informe técnico do Arquitecto Técnico Municipal, de data 27 de febreiro de 2015 solicitado para reforma interior da planta segunda da vivenda sita na rúa Principal nº 15 – Lalín.

#### **7.- INFORME URBANÍSTICO.**

**7.1.-** Acordouse aprobar o informe emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, de data 23 de marzo de 2015, en relación a información urbanística dunha finca, con referencia catastral 3033073NH7233S, sita na rúa B, Lalín, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal, de data 17/03/15, en concepto de taxa por expedición de certificación urbanística por importe de 100 euros.

#### **8.- EXPEDIENTE DE CESIÓN DE USO DE TERREOS EN MUIMENTA.**

**8.1.-** Acordouse aceptar a cesión do uso gratuíta a este Concello de Lalín da parcela con número de referencia catastral 36024A146000650000BD, coñecida como Coto do Batán, ubicada no lugar de Muimenta (Lalín), por un período de dez (10) anos prorrogables.

#### **9.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**

**9.1.-** Acordouse adjudicarlle a obra denominada **“RECRECIDO DE FIRME E MELLORA PISTA PRAIA DE VILATUXE, AGRUCHAVE, TORGUEDO CATASÓS, ATEÁN, GOIÁS E OUTROS” (PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS 2015) á empresa CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.,** por importe de



Secretaría Xeral

170.000,00 €, máis a partida de 35.700,00 € correspondente ao IVE e melloras por importe total de 3.514,98 € (IVE incluído), por ser a oferta economicamente máis vantaxosa e que cumpre cos requisitos establecidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e no Proxecto Técnico que rexen esta licitación.

**9.2.-** Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 24.702,96 € IVE incluído, con destino á realización das obras denominadas “**DESBROCES NA REDE VIARIA ZONAS DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE ANZO, LOSÓN, VILATUXE E OUTROS**” contratando coa empresa **FERTAF OBRAS Y SERVICIOS, S.L.** a realización das citadas obras, e nomear Director de Obra Enxeñeiro Técnico Municipal D. Francisco Guerra García.

**9.3.-** Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado “**MELLORAS SENDA PEONIL RÍO PONTIÑAS**”, mediante procedemento negociado sen publicidade, trámite ordinario e varios criterios de valoración, con orzamento máximo de licitación de 93.899,71 €, máis a partida de 19.718 € correspondente ao IVE e un prazo máximo de execución de 2 meses e medio.

## **10.- CONVENIOS ADMINISTRATIVOS.**

**10.1.-** Acordouse aprobar o **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “DEPOGAP: XESTIÓN DE ACTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA”**, asumindo os dereitos e obrigas derivadas do mesmo, e facultando ó Sr. Alcalde para a súa sinatura, e designar como interlocutor único, para os efectos establecidos no apartado 1 da cláusula segunda do dito convenio, a D. Salvador González Rodríguez.

## **11.- EXPEDIENTE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.**

**11.1.-** Acordouse estimar a reclamación por responsabilidade patrimonial presentada por interesado polos danos materiais ocasionados por un vehículo municipal con motivo da realización de traballos de limpeza viaria e mantemento de zonas verdes o día 15 de setembro de 2014, fixando a contía da indemnización en 116,40 euros.

## **12.- FACTURAS E CONTAS.**

**12.1.-** Acordouse aprobar e declarar de abono facturas por importe total de **31.862,02** €.



Secretaría Xeral

### **13.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.**

**13.1.-** Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 6.313,50 € (IVE incluído), con destino á **adquisición dunha máquina de pintar** “SEÑALIZADORA SURE STRIPE 4050 AIRLESSCO” e un pack de accesorios para a mesma (boquillas, mangueras e filtros), contratando o citado subministro coa empresa Castro Parga, S.L. conforme ás características especificadas no orzamento e con suxeición ao réxime dos contratos menores.

**13.2.-** Acordouse ampliacións HORARIAS de usuarios do **Servizo de Axuda no Fogar** modalidade libre concorrência e unha RENUNCIA VOLUNTARIA ao Servizo de Axuda no Fogar modalidade libre concorrência.

**13.3.-** Acordouse solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o **cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal** por importe de 485.574,01 €; e adoptar o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, sendo prestados nas mesmas condicións que o ano anterior, incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2015 na contía de 269.981,57 €, que supón unha porcentaxe do 35,73 % sobre o orzamento total do proxecto.

**13.4.-** Acordouse aprobar a concesión dunha **axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade a aboar a Gas Natural Fenosa, por importe de 126,23 €; e aprobar a concesión doutra axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade, por importe de 160,00 €.

**13.5.-** Acordouse solicitar á Concellería do Medio Rural e do Mar, Xunta de Galicia a **cesión en propiedade a este Concello de Lalín da Parcela 968, Polígono 5, en Castro de Arriba**, coa finalidade de dedicala a fins didácticos e culturais.

**13.6.-** Acordouse acollerse ás Bases Reguladoras do Plan Provincial de Obras e Servizos 2015, solicitando axudas por importe total de 618.926,00 €.

### **14.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**14.1.-** Acordouse conceder **autorización municipal** á Asociación de Veciños de Cabeza de Vaca, para a pernoctación dun grupo de persoas no Pavillón Municipal, os días 2, 3 e 4 de abril de 2015.

